


# Crise do franquismo

# 7.- Reformismo político sen liberdades

- 7.1.- O limitado reformismo dos tecnócratas
- 7.2.- As reformas institucionais e lexislativas
- 7.3.- Tensións entre inmovilistas e aperturistas
- 7.4.- Crise e renovación da Igrexa

# 7.1.- O limitado reformismo dos tecnócratas

- Os gobernos da década de 1960
  - Formados a partir da influencia de **Carrero Blanco**
  - Pretenderon impulsar unha serie de **reformas políticas** que
    - Adecuasen o réxime ás transformacións económicas e sociais que se estaban a producir
    - Ao mesmo tempo, enmascarasen algúns dos aspectos máis autoritarios do franquismo
- O obxectivo destes gobernos, nos que cada vez tiñan máis presenza os tecnócratas, orientouse cara a
  - A **promoción do desenvolvemento económico**
  - Unha **renovación política** que implicase a modernización da administración, a lexislación e as institucións do país
- Detrás deste tímido reformismo había a convicción de que
  - A prosperidade e o benestar suplirían a falta de liberdades e dun goberno democrático
  - A grande etapa do desenvolvemento consolidaría o réxime franquista ao lograr o consenso de amplos sectores da sociedade



O desenvolvemento económico, por necesitar a paz e a orde interna, é unha consecuencia directa do desenvolvemento político. Sen o noso Movemento político non tería podido alcanzarse a base da que hoxe partimos; de medios superiores dispoñía a nación en etapas anteriores e, no entanto, non puido acometelo. Pero asemade o desenvolvemento económico prestixia o movemento político e impulsa o seu perfeccionamento.

*Discurso de Franco conmemorando os 25 años de paz, 1964.*

1. Como relaciona Franco desenvolvemento económico e desenvolvemento político?



## 7.2.- As reformas institucionais e legislativas (1)

- Para mudar a imaxe represiva do réxime, en 1963 creouse o **Tribunal de Orde Pública, TOP**
  - Traspasaba os delitos políticos da xurisdición militar á civil
  - Aínda que iso non significou unha diminución da persecución dos opositores
- No terreo social, en 1967 entrou en funcionamento a **Lei de Bases da Seguridade Social**
  - Ampliou os mecanismos de cobertura, con cargo ao Estado, dos seguros de enfermidade, vellez e viudedade
  - Empezándose así a construción dun **incipiente Estado do benestar**
    - Aínda que cun grande atraso respecto de Europa
    - Sen que o empresariado contribuíse ao seu funcionamento
- En 1966, o ministro de Información e Turismo, **Manuel Fraga Iribarne**, promoveu unha **Lei de Prensa e Imprenta**, que
  - Suprimiu a censura previa
  - Permitiu a publicación de revistas, xornais e libros ata daquela prohibidos
  - No entanto, creaba un sistema de multas e suspensións gubernativas para penalizar as publicacións que superasen a sempre imprecisa permisibilidade da lei

## 7.2.- As reformas institucionais e lexislativas (2)

- En 1967 promulgouse a **Lei Orgánica do Estado**
  - Pretendía coroar o edificio institucional do franquismo
  - Foi aprobada nun referendo manipulado polo goberno no que só se permitiu a propaganda dos defensores do Si
  - A Lei confirmaba o carácter monárquico do réxime
- A **Lei de Representación Familiar**
  - Permitiu a elección dos 108 procuradores a Cortes que compoñían o **“terzo familiar”**
  - Aínda que só se permitía presentarse a candidatos afíns ao Movemento
  - Limitábase o voto aos cabezas de familia: as mulleres só votaban en caso de selo
- Pouco despois, en xullo de 1969, e de acordo co estipulado na **Lei de Sucesión**
  - **Franco designou o príncipe Xoán Carlos de Borbón**, fillo de Xoán de Borbón, como o seu sucesor
  - Este nomeamento significaba a culminación do programa de institucionalización auspiciado por Carrero Blanco e o equipo de goberno tecnocrático

Votasen non, ou non votasen, os desarraigados da patros, os que están baixo a obediencia dalgúns totalitarismos extranacionais (...).

Os que queremos unha España unida, grande e libre, os que queremos para os nosos fillos e os nosos netos unha patria en orde e en paz (...) coa nosa emocionada gratitude ao Caudillo por este novo e transcendental servizo a España, votaremos Si.

*Declaracións de Carrero Blanco ante o referendo, 1966.*

Cartel propagandístico do referendo nacional de 1966.





Por todo isto, estimo chegado o momento de lles propoñer ás Cortes Españolas como persoa chamada no seu día a sucederme, a título de Rei, ao Príncipe don Juan Carlos de Borbón e Borbón, quen, tras ter recibido a adecuada formación para a súa alta misión e formar parte dos tres Exércitos, deu probas feaces do seu acendrado patriotismo e da súa total identificación cos Principios do Movemento e as Leis Fundamentais do Reino.

*Lei de Sucesión na Xefatura do Estado, 22 de xullo de 1969.*

Pertenzo por liña directa á Casa Real española, e na miña familia, por designio da Providencia, uníronse dúas ramas. Confío en ser digno continuador dos que me precederon (...). As máis puras esencias da nosa gloriosa tradición deberán ser sempre mantidas, mais sen que o culto ao pasado nos free na evolución dunha sociedade que se transforma a ritmo vertixinoso, nesta era apaixonante en que vivimos. A tradición non pode nin debe ser estática; hai que mellorar cada día.

*Aceptación do príncipe Xoán Carlos, 23 de xullo de 1969.*



# Leis modernizadoras

- **Lei de Convenios Colectivos (1958)**, que permitiu a negociación das condicións salariais e laborais entre empresarios e traballadores.
- **Lei de Bases da Seguridade Social (1963)**, que establece a Seguridade Social.
- **Lei de Prensa (1969)**, que suprimiu a censura previa\*.
- **Lei Xeral de Educación (1970)**, que converteu en gratuíto e xeral o ensino entre os 6 e os 14 anos.


## 7.3.- Tensións entre inmovilistas e aperturistas (1)

- Todas estas reformas incrementaron as **disensións dentro do réxime franquista**
  - Mesmo no seo do propio goberno
  - Algunhas das leis provocaron fortes discrepancias,
  - Como a Lei de Bases da Seguridade Social, que foi bloqueada durante tres anos
- Tampouco se aprobou o proxecto de **Lei Sindical**
  - Ante o temor da maioría do goberno de que as candidaturas impulsadas polos antifranquistas acabasen impoñéndose
  - Como fixeran evidente as eleccións sindicais de 1966
- A propia Lei de Prensa de Fraga foi duramente censurada por Carrero por ser excesivamente permisiva e tolerante

# LA COLOR NIZ

SEMANA DE  
LA PRENSA  
HUMORIS-  
TICA

LA REVISTA  
MAS AUDAZ,  
PARA EL  
LECTOR MAS  
INTELIGENTE



Madrid y  
Barcelona, 1 de  
noviembre de 1967  
Año XXIV - N.º 1125  
Precio: 8 pes.

## 7.3.- Tensións entre inmobiliistas e aperturistas (2)

- En 1969, as diferenzas políticas no interior do goberno fixéronse públicas
  - O estalido do denominado **escándalo Matesa** provocou unha crise governamental
  - Matesa era unha empresa de maquinaria téxtil conectada co entorno do Opus Dei
- Este caso de corrupción no que se vían implicados varios ministros
  - Foi amplamente difundido pola prensa
  - Os sectores inmobiliistas culpàron á excesiva tolerancia informativa de ter contribuído ao público descrédito do goberno
- A crise resolveuse coa **vitoria de Carrero** e coa formación do chamado **goberno monocolor**
  - Supuxo a saída dos ministros máis aperturistas: Fraga e Solís
  - Aos que se responsabilizaba do aumento da contestación social
- Carrero Blanco, consolidado como o brazo dereito de Franco
  - Modificou en sentido restritivo a Lei de Prensa
  - Ordenou reprimir sen contemplacións toda manifestación opositora



▼  
Viñeta do humorista Mingote, 1969. O texto dicía:  
"Oín que por fin se vai aclarar o de Matesa".

2. Fíxate na data do xornal, sobre que aspecto do caso Matesa ironiza o autor?



# 7.4.- Crise e renovación da Igrexa

- O **Concilio Vaticano II** puxo en evidencia que a Igrexa católica española debía
  - Distanciarse do réxime franquista
  - Cesar no apoio incondicional que lle outorgara dende 1939
- Para impulsar esta nova orientación, a Santa Sé
  - Procedeu a renovar a xerarquía eclesiástica
  - Puxo á fronte da Conferencia Episcopal o **cardenal Vicente Enrique y Tarancón**, claro dirixente do sector conciliar e reformista
- Non sen poucas resistencias dos bispos e do clero máis tradicionalista
  - Tarancón levou a Igrexa española a posicionarse claramente a prol das liberdades democráticas e mais a reconciliación política
  - Provocando a irritación do propio goberno
- Esta **reorientación** estaba tamén condicionada por
  - A crise interna da institución: secularizacións, diminución das vocacións ...
  - O contexto de crecente laicización da sociedade
  - A perda de boa parte da súa influencia en todos os ámbitos da vida española
  - Tamén influíu o aumento de sacerdotes novos que se aliñaron coas posicións da oposición antifranquista

## DOC.3 A IGREXA PIDE A RECONCILIACIÓN

Se dicimos que non pecamos, facemos a Deus mentireiro e a súa palabra xa non está en nós. Así, pois, recoñecemos humildemente e pedimos perdón porque nós non soubemos ao seu tempo ser verdadeiros ministros de reconciliación no seo do noso pobo dividido por unha guerra entre irmáns.

*Declaración da Asemblea conxunta de bispos e sacerdotes españois, setembro 1971.*

3. Valora a importancia deste documento en relación coa actitude da Igrexa cara ao réxime franquista.



# O novo posicionamento da Igrexa

- Non temos tras de nosoutros vinte e cinco anos de paz senón unicamente vinte e cinco anos de vitoria. Os vencedores, a igrexa incluída, que foi obrigada a loitar a carón destes últimos, non fixeron nada para rematar con esta división entre vencedores e vencidos: isto representa un dos fracasos máis lamentables dun réxime que se di cristián, pero cuxo Estado non obedece aos principios básicos do cristianismo.
- (...) O pobo debe escoller o seu goberno e podelo cambiar se o desexa: velaí a liberdade. Ten necesidade dunha liberdade de prensa, de sinceridade na información.
- **Declaracións do abade de Montserrat, Monseñor Escarré, ao xornal francés Le Monde, 1963.**
- **Analiza as críticas do texto e as peticións que se fan.**
- **Enmarca no seu contexto o cambio de actitude dalgúns sectores da Igrexa.**

# 8.- A reorganización do antifranquismo

- 8.1.- Os grupos de oposición política
- 8.2.- A reactivación dos nacionalismos
- 8.3.- O novo movemento obreiro
- 8.4.- Protestas estudantís e cidadáns

# 8.1.- Os grupos de oposición política (1)

- Na década de 1960 produciuse a **recomposición do antifranquismo** como resultado de
  - As transformacións sociais
  - O recambio xeracional
  - A perda de influencia do exilio político
- As organizacións opositoras formularon
  - Unha nova forma de se enfrontar coa ditadura, pretendendo o seu descrédito a partir da denuncia das precarias condicións de vida e da falta de liberdades políticas
  - A necesidade de superación da Guerra Civil
  - A reconciliación entre vencedores e vencidos, creando propostas unitarias para reivindicar as liberdades políticas e a democracia
- **A esquerda tivo un claro protagonismo político** ao estar presente na maioría das mobilizacións e conflitos sociais
- O **Partido Comunista de España, PCE**, dirixido por **Dolores Ibárruri** e **Santiago Carrillo**
  - Tiña forte presenza nos movementos de masas
  - Sufriu duramente a represión franquista
  - En 1963 un dos seus dirixentes, **Julián Grimau**, foi condenado a morte
- Tamén xurdiron
  - Novas organizacións socialistas e marxistas: FLP, PCE-ML e PCI
  - Grupos que propugnaban a loita armada: FRAP

# A política de Reconciliación Nacional

- “Nos últimos anos produciuse unha importante evolución. Forzas considerables, que noutro tempo integraron o campo franquista, foron mostrando a súa discrepancia cunha política que mantén vivo o espírito de guerra civil. No campo republicano son máis numerosas e influentes as opinións dos que estiman que hai que enterrar os odios e rancores da guerra civil (...). Un estado de espírito favorable á reconciliación nacional dos españois, vai gañando ás forzas político-sociais que loitaron en campos adversos durante a guerra civil (...). Fóra da reconciliación nacional non hai máis camiño que o da violencia”.
- **Declaración do Partido Comunista de España promovendo unha política de Reconciliación Nacional (1956)**

¡ PROLETARIOS DE TODOS LOS  
PAISES UNIOS!

# Mundo Obrero

ORGANO DEL COMITE CENTRAL DEL PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

AÑO XLII — N° 18

13 octubre de 1972

precio: 8 pts.

▼  
Cabeceira da revista *Mundo Obrero*, o órgano de prensa clandestino do Partido Comunista, 1972.

# 8.1.- Os grupos de oposición política (2)

- O **Partido Socialista Obreiro Español, PSOE**, con menor presenza nos movementos sociais
  - Estivo condicionado polo enfrontamento entre a dirección do exilio e a militancia do interior
  - No **Congreso de Suresnes**, que tivo lugar en 1972, estes últimos fixéronse co control do partido baixo a dirección de **Felipe González**
- Tamén se perfilou unha **oposición moderada** ao franquismo
  - Composta en parte por disidentes do propio réxime: **Dionisio Ridruejo, Joaquín Ruíz Giménez ...**
  - Decepcionados ante o mantemento da política represiva e antidemocrática
- En 1962, boa parte da oposición moderada: monárquicos, demócratas-cristiáns e liberais
  - Xunto con republicanos e socialistas do exilio
  - Participaron en Múnic, Alemaña, no **IV Congreso do Movemento Europeo** para denunciar internacionalmente a ditadura de Franco



O Congreso do Movemento Europeo (...) estima que a integración, xa en forma de adhesión, xa de asociación de todo país a Europa, esixe institucións democráticas, o que significa no caso de España, (...) o seguinte:

- 1.º A instauración de institucións auténticamente representativas e democráticas (...).
- 2.º A efectiva garantía dos dereitos da persoa, en especial os de liberdade persoal e de expresión, con supresión da censura gubernativa.
- 3.º O recoñecemento da personalidade das distintas comunidades.
- 4.º O exercicio das liberdades sindicais sobre bases democráticas e da defensa polos traballadores entre outros medios mediante a folga.
- 5.º A posibilidade de organizar correntes de opinión e partidos políticos (...).

*Resolución dos 118 delegados españois  
reunidos en Múnic, 1962.*

- 1.** Quen se reuniron en Múnic? Cales eran os seus obxectivos e os as súas demandas?


# A reacción da ditadura

- “O 8 de xuño de 1962 quedou pois consagrada en Munich a negativa terminante a admitir a España nin aínda como asociada no sistema europeo mentres non cambie o seu réxime. Ao regresar a España os delegados do interior (...) víronse obrigados a escoller desde a escaleira do avión, ou o seu desterro ou o seu confinamento en Fuerteventura. A Gil Robles non lle foi permitido comunicar coa súa casa nin aínda para cambiar de roupa (...). Esta conduta bárbara, no sentido concreto da palabra, é dicir, desprovista de lei, caridade e respecto, terminou por allearlle ao réxime a opinión europea e aínda universal”.
- **Salvador de Madariaga analiza a repercusión do chamado polo franquismo “Contubernio de Munich”**

## 8.2.- A reactivación dos nacionalismos

- En **Cataluña**,
  - Aínda que os partidos históricos, como **Esquerra Republicana de Cataluña, ERC**, e **Unió Democrática, UD**, eran pouco activos
  - Xurdiron novas organizacións nacionalistas de esquerda
  - Tamén se constituíu a **Assemblea de Cataluña** en 1971, unha organización unitaria de partidos, movementos e entidades opositoras
  - En 1974 creouse **Convergència Democràtica de Catalunya, CDC**, organización nacionalista moderada dirixida por **Jordi Pujol**
- No **País Vasco**
  - Se ben o **Partido Nacionalista Vasco, PNV**, permanecía como un referente e inspiraba o goberno vasco no exilio
  - O feito de maior repercusión foi a aparición de **ETA** en 1959: **Euskadi Ta Askatasuna, Euskadi e Liberdade**
  - Esta organización, revolucionaria e nacionalista radical, propugnou a partir de 1968 a **loita armada contra o franquismo**
  - Provocando atentados contra personalidades do réxime e forzas de orde públicas
- O incremento do terrorismo implicou que algúns delitos volveran a considerarse rebelión militar
  - O **Estado de Excepción** converteuse nun recurso frecuente
  - O **Consello de guerra en Burgos** en 1970, coa petición de seis penas de morte contra militantes de ETA, provocou un alude de protestas

**NO MAS ASESINATOS!**  
En Burgos seis jóvenes vascos  
van a ser condenados a muerte  
**¡¡ Exijamos su libertad !!**



Panfleto clandestino contra o proceso de Burgos, 1970.

## 8.3.- O novo movemento obreiro (1)

- A protesta dos traballadores foi a principal manifestación de oposición ao réxime a partir da década de 1960
  - Entre 1960 e 1975, os **conflitos laborais** multiplicáronse
  - Localizáronse tanto nas zonas de tradición obreira: Asturias, Cataluña, Guipúscoa, Biscaia ...
  - Como nas novas cidades industriais: Madrid, Pamplona, Ferrol, Vigo, Sevilla, Valencia, Valladolid ...
- A maioría dos conflitos tiñan a súa orixe en **reivindicacións laborais**
  - Aínda que frecuentemente integraban **demandas de liberdades políticas**
- Os patróns e as autoridades franquistas consideraban toda protesta e folga como un problema de orde pública
  - Polo que actuaban contra elas con métodos puramente represivos.

DOC.2

## CONFLITOS LABORAIS EN ESPAÑA (1966-1976)




C. MOLINERO y P. YSÁS: *Productores disciplinados y minorías subversivas*, 1998 (traducción).

# Causas dos conflitos laborais (1963-1972)

	1963	1964	1967	1968	1970	1972
Político-sociais	16	8	230	54	687	66
Convenio colectivo	202	62	–	–	516	298
Valoración rendemento	83	71	–	17	38	42
Solidariedade	34	28	38	103	93	156
Melloras salariais	216	209	56	67	122	152
Outras causas	204	51	177	58	78	179

Cartel da editorial Ruedo Ibérico sobre a folga mineira de Asturias.





# Tres versións sobre o mesmo feito

## Prensa franquista

- Con nós está, precisamente, Secundino López, (...) de 25 anos, que ten por honra a súa condición de asturiano e de mineiro, que nos contou o verdadeiro fondo do asunto:
- "Mire vostede; eu fun un dos máis equivocados. Eu gaño unhas 6 000 pesetas ao mes, e un día, nunha reunión, xurdiu o tema do salario. Despois decateime. Aquel forasteiro, que se dicía axente de seguros, foi o que nos envelenou. Empezounos a contar cousas, a darnos propaganda (...).
- Que o que debiamos facer era negarnos a traballar. Que as cousas, se non se fan pola forza, non se conseguen e... saben vostedes o que conseguimos? Levar a intranquilidade durante algúns días ás nosas casas, deixar de gañar un diñeiro e suscitar rancores. Todo, para que? Para nada. Porque as melloras non se conseguen polas malas (...)"
- ***La Vanguardia Española, 12 de maio de 1962.***

# Tres versións sobre o mesmo feito

## Prensa da oposición

- Os nosos camaradas de Mieres levan varios días sen entrar a traballar. A causa é xusta, é a nosa causa: aumento de salarios. Os prezos soben constantemente, os patróns engánannos con convenios colectivos, o sindicato non nos defende e véndennos, o Estado responde as nosas protestas e xustas peticións coa Garda Civil.
- Que facer? Loitar, seguindo o exemplo dos nosos camaradas de Mieres. Como? Correndo a voz, entre os compañeiros, da necesidade da folga e organizando a maneira de lles esixir á empresa e ás autoridades un aumento esencial de salarios.
- **Fronte de Liberación Popular, 1962.**

# Tres versións sobre o mesmo feito

## Prensa estranxeira

- Nin unha soa tonelada de carbón foi extraída onte do famoso pozo da Nicolasa. A folga de solidariedade vai espallándose polas minas da conca (...). Tres compañías da policía armada están despregándose pola conca mineira nun intento de controlar e reprimir a folga.
- **Le Monde, 16 y 17 de abril de 1962.**
- En Oviedo, como en Sama de Langreo, non traballa ninguén, nin no exterior nin no fondo dos pozos, dime un mineiro. O que falan os xornais son mentiras; a verdade é que a folga dura xa tres semanas.
- **Le Monde, 15 de maio de 1962.**

## 8.3.- O novo movemento obreiro (2)

- A nivel organizativo destaca a **creación en 1964 de Comisións Obreiras, CCOO**
- Era unha organización clandestina que impulsaba a loita
  - Laboral: salarios, condicións de traballo ...
  - Política: liberdade sindical, dereitos civís ...
- Este sindicato combinaba
  - As accións ilegais, como as folgas
  - Cos medios legais, aproveitando a elección de representantes sindicais para introducirse no sindicato franquista
- O seu **éxito nas eleccións sindicais de 1966** fixo que o goberno
  - As declarase ilegais en 1967
  - As reprimise duramente
- En 1972 foi detida a súa dirección
  - Foi xulgada no chamado **Proceso 1001**
  - Acabou coa aplicación de condenas moi severas aos dirixentes sindicais, entre eles **Marcelino Camacho**
- A partir de 1967, sindicalistas vinculados ás **Xuventudes Obreiras Cristiás**
  - Separáronse de CCOO
  - Fundaron a **Unión Sindical Obreira, USO**
- Dos antigos sindicatos
  - Só a **UGT** mantivo unha actividade clandestina
  - Mentres a **CNT** practicamente desapareceu

# As orixes das Comisi3ns Obreiras

- “A cabalo entre 1956 e 1957 xurdiu e desapareceu, nun prazo breve, unha comisi3n na mina asturiana La Camocha, para defender unha asignaci3n de carb3n aos mineiros (...). Outras funcionaron en diversos lugares como Euskadi, Catalu3a, Valencia, Andaluc3a, etc., sempre de forma fugaz e variada composici3n (...).
- En Madrid iniciouse unha nova fase de Comisi3ns Obreiras que se caracterizou polo car3cter permanente desas comisi3ns elixidas en asembleas (...). Decidiram0s servirnos da Escola Sindical de Enlaces (...) como un medio para nos co3necer e estender os nosos contactos sobre todo coas grandes empresas do metal”.
- **O l3der sindical Marcelino Camacho lembra as orixes das Comisi3ns Obreiras (CC.OO.)**

# O sindicato Comisi3ns Obreiras

- Reunidos os delegados de varias empresas (...), acordouse:
  1. Que o sindicato ao cal se nos obriga a pertencer non goza da confianza obreira nin defende os intereses dos traballadores. (...)
  2. (...) O nivel do salario actual 6 insuficiente e debemos reivindicar un salario m6is de acordo co custo da vida.
  3. Que para lograr esta reivindicaci3n non posu6mos os instrumentos propios de defensa que son: un sindicato obreiro sen patr3ns e o dereito de folga.
  4. (...) Un plan reivindicativo cos seguintes puntos: salario m6nimo de 200 pesetas para o pe3n por oito horas de traballo, dereito a ter sindicatos obreiros e dereito de folga (...)
- **Folla informativa de CCOO, 1965.**
- **Sinala as reivindicaci3ns do movemento obreiro.**
- **Explica como naceu Comisi3ns Obreiras.**

# 8.4.- Protestas estudiantís e cidadáns

- A **protesta estudiantil** foi unha fronte de conflitividade case permanente, por mor de
  - A incorporación á Universidade de mozos nados despois da Guerra Civil
  - Estar fortemente influídos polos cambios sociais e culturais da década de 1960
- A **loita contra o Sindicato Español Universitario, SEU**, obrigatorio e falanxista
  - Levou a creación de sindicatos democráticos de estudantes claramente enfrontados á ditadura
  - Primeiro nas universidades de Barcelona e Madrid, no curso 1966-1967
  - Despois na maioría de España
- A resposta do réxime foi represiva
  - Sancións a estudantes
  - Cerre de centros
  - Expulsión de profesores
- Isto non fixo máis que radicalizar o movemento
  - A partir de 1968, co impacto do Maio francés, o movemento estudiantil radicalizouse ideoloxicamente
  - Converteu as universidades nuns centros de continua contestación e rebeldía
- Tamén foi significativo o xurdimento de novos movementos sociais a favor das liberdades e da democracia
  - Manifestados por numerosas entidades legais, como Xustiza e Paz, colexios profesionais, amigos da ONU
  - ...
  - Así como de personalidades do mundo académico, cultural, artístico e profesional
- As asociacións de veciños adquiriron un notable activismo a partir da demanda de mellores condicións de vida para uns barrios desatendidos pola administración
  - Con notables déficits de servizos públicos

Para retomar o diálogo coas autoridades propoñemos:

Readmisión dos profesores expulsados definitivamente da Universidade en 1964, os doutores López Aranguren e Tierno Galván.

Amnistía para os estudantes represaliados, detidos ou condenados a penas de cárcere por "delitos sindicais".

Garantías aos representantes sindicais que se dirixiron á Asemblea Nacional a semana pasada e foron detidos.

*Declaración da asemblea  
de delegados estudiantís da  
universidade de Madrid, 1967.*



# Manifesto conxunto de Comisións Obreiras e o Sindicato Democrático de Estudantes

- “As Comisións Obreiras de Barcelona e provincia e o Sindicato Democrático de Estudantes da Universidade de Barcelona saúdan e solidarízanse con todas estas grandes accións de masas que se desenvolven no noso país (...). O Goberno acentúa a represión detendo e procesando a destacados dirixentes do movemento obreiro e estudiantil (...). A vigorosa loita solidaria do pobo conseguiu a liberdade destes demócratas encarcerados. Pero pende sobre eles a ameaza de procesos. Ante esta situación, as CC.OO. de Barcelona e provincia e o SDEUB chamamos a todos os traballadores e estudantes a facer do día 17 unha gran xornada de loita (...) para esixir, xunto ás reivindicacións máis urxentes da clase obreira, aquelas que hoxe son máis sentidas polos traballadores e as amplas masas populares do país: Salario mínimo de 250 pesetas. Semana de 44 horas. Salario igual para mulleres e mozas a iguais condicións de traballo. Xestión e control polos traballadores do réxime de seguridade social. Dereito de folga e a liberdade de reunión (...). Democratización do ensino e a Universidade. Liberdade de todos os detidos e anulación de todos os sumarios e sancións (...). Disolución da Brigada Político-Social e do Tribunal de Orde Pública”.
- **Manifesto conxunto de Comisións Obreiras e o Sindicato Democrático de Estudantes, 1967**

# 9.- A agonía da ditadura

- Dende comezos da década de 1970 ata a morte de Franco en 1975, o franquismo estivo condicionado por
  - O **aumento da conflictividade social**
  - A **ampliación da oposición democrática**
  - As **tensións no interior do réxime**
- Todo isto facía evidente o seu desgaste e impopularidade
- A estes problemas engadíuselles
  - O inicio dunha grave **crise económica derivada do aumento do prezo do petróleo**
  - Un **conflicto internacional na colonia española do Sáhara**

# 9.1.- Os últimos governos franquistas

- As tensións internas, centradas na continuidade do réxime, decantáronse a favor das posicións máis inmovilistas:
  - Un proxecto de Lei de Asociacións Políticas quedou paralizado
  - A Lei Sindical converteuse nunha simple recompilación das normas vixentes
  - A práctica sancionadora da Lei de Prensa endureceuse
- En xuño de 1973, o almirante **Carrero Blanco**
  - **Foi nomeado presidente do goberno**
  - Converténdose na persoa clave para asegurar a continuidade do franquismo despois da morte de Franco
- Estes plans, no entanto, quedaron truncados en decembro dese mesmo ano
  - Cando **Carrero foi asasinado por ETA** nun atentado perpetrado en Madrid
- A partir dese momento, foise facendo cada vez maior a fractura entre
  - Os que apostaban pola permanencia do réxime a toda costa: o chamado **búnker**
  - Os que apuntaban cara á necesidade dun cambio progresivo, creando asociacións políticas dentro do Movemento: os **aperturistas**
- En xaneiro de 1974 formouse un novo goberno presidido por **Carlos Arias Navarro**
  - Pretendía unir aperturistas e inmovilistas grazas ao chamado **Espírito do 12 de febreiro**
  - Nesa data presentou nas Cortes o seu proxecto de moderada apertura
  - Pero Arias non convenceu ningunha das familias franquistas, e moito menos á oposición democrática
  - Ante a ausencia de auténticas reformas, os ministros aperturistas saíron do goberno amosando así a **incapacidade do franquismo para democratizarse**

# Comunicado de ETA

- “A operación que ETA realizou contra o aparato de poder da oligarquía española na persoa de Luis Carrero Blanco, debe interpretarse como xusta resposta revolucionaria da clase traballadora e de todo o noso pobo vasco (...). Luis Carrero Blanco, un home duro, violento nas súas posicións represivas, constituía a peza clave garante da continuidade e estabilidade do sistema franquista (...)”.
- **Extracto do comunicado no que ETA reivindica o atentado contra Carrero Blanco en 1973**



**Buraco que produciu a explosión no atentado contra Carrero Blanco o 20 de decembro de 1973**

# O “Espírito do 12 de febreiro”

- O novo goberno intentará servir aos requirimentos da sociedade española de hoxe, definitivamente distinta daqueloutra, desgarrada pola discordia civil, prostrada no subdesenvolvemento e cercada pola miseria e o illamento internacional que houbo de contemplar o réxime na súa hora nacente.
- Se outra é, por ventura, distinta a sociedade á que servimos, outros han de ser o talante e os modos cos que o poder ten que encarar as súas esixencias. A máis exacta e cabal manifestación de lealdade consiste en saber actualizar a vixencia duns Principios Fundamentais permanentes, buscando a súa tradución exacta ás demandas dunha sociedade cambiante (...) nada convén menos coa fonda realidade histórica do réxime e co perfil de estadista do Xefe do Estado que o reproche de inmovilismo. (...)
- **Discurso de Arias Navarro, febreiro, 1974.**
- **Xustifica a partir do texto se o espírito do 12 de febreiro representaba un cambio político representativo**



▼  
Viñetas do humorista Perich, 1974.

1. Analiza o significado das dúas viñetas e explica o que eran o búnker e o aperturismo.



Viñetas publicadas na prensa da época.



# A reacción do Búnker

- “Incúmbenos a mesma responsabilidade que, por razóns de honor, nos botou ao monte en 1936 (...). O compromiso desta hora reside, por tanto, en evitar que sobre aquel holocausto e aquel sacrificio se corra hoxe un estúpido velo (...). Aquí pasaron moitas cousas e han pasar moitas máis (...). Impúlsanos o deber de pechar o paso aos que queren arrebatarnos a vitoria”.
- **Discurso de J. A. Girón de Velasco ao ser nomeado presidente da Confederación Nacional de Excombatientes(novembro de 1974)**

# 9.2.- O incremento da mobilización popular (1)

- A partir de 1973
  - Tivo lugar un espectacular crecemento da conflictividade social, obreira, estudantil e veciñal
  - Os grupos da oposición tenderon a unha acción conxunta prevendo a próxima desaparición do ditador
- Creáronse organismos unitarios para
  - Reivindicar o sistema democrático
  - Impedir a continuidade do franquismo
- En 1974, por iniciativa do PCE
  - Constituíuse en París a **Xunta Democrática**
  - Integraba Comisións Obreiras, partidos de esquerda e mesmo personalidades da dereita democrática
- En 1975, o PSOE
  - Impulsou a **Plataforma de Convergencia Democrática**
  - Xunto con grupos democristiáns, a UGT e o PNV
- Os programas de ambos os dous organismos **propoñían a formación dun goberno provisional** que
  - Implantase un réxime democrático
  - Procedese a ditar unha ampla amnistía
  - Convocase eleccións libres

DOC.1 AS REIVINDICACIÓNS  
DA OPOSICIÓN

1. A formación dun goberno provisional para devolverlles a todos os españois a súa plena cidadanía mediante o recoñecemento das liberdades e dos dereitos e deberes democráticos.
2. A amnistía absoluta das responsabilidades por feitos de natureza política ou sindical.
3. A legalización de todos os partidos políticos.
4. A liberdade sindical (...).
5. Os dereitos de folga, de reunión e de manifestación pacífica.
6. A liberdade de prensa, de radio, de opinión e de información obxectiva (...).
7. A independencia e a unidade xurisdiccional da función xudicial (...).
9. O recoñecemento, baixo a unidade do Estado español, da personalidade política dos pobos catalán, vasco, galego e das comunidades que o decidisen democraticamente.
10. A celebración dunha consulta popular para decidir a forma definitiva do Estado (...).
11. A separación da Igrexa e do Estado.
12. A integración de España nas Comunidades Europeas.

*12 puntos da Xunta democrática de España, 1974.*

8.-A neutralidade e a profesionalidade, exclusivamente militar para a defensa exterior, das forzas armadas.



Juan Genovés: Xente correndo (1975), unha obra que reflicte a represión da protesta social a finais do réxime franquista.

## 9.2.- O incremento da mobilización popular (2)

- Neses anos produciuse tamén un **recruamento da violencia**
  - Xa que ETA incrementou os seus atentados
  - Apareceu un terrorismo ultraesquerdista, representado polo FRAP e o GRAPO
- Como resposta, o goberno de Arias Navarro intensificou a represión
  - En 1974 foi executado **Puig Antich**, un mozo militante anarquista
  - Ao ano seguinte instaurouse un Estado de Excepción
  - En setembro de 1975 foron condenados e executados cinco activistas de ETA e do FRAP, malia as numerosas peticións de indulto

# O illamento do franquismo

- Mentres a oposición democrática, aínda na ilegalidade, obtiña o apoio de líderes políticos e sindicais de toda Europa occidental, o réxime de Franco, incapaz de evolucionar e encastelado nas respostas represivas, concitaba un repudio cada vez maior das opinións públicas europeas. As últimas execucións do franquismo, o 27 de setembro de 1975, desencadearon unha ondada de condenas internacionais e a retirada dos embaixadores dos países da CEE.
- **Carlos Sanz Díaz: Illamento e diverxencia democrática: España e o proceso de construción europea baixo a ditadura de Franco (1945-1975), 2014.**



As execucións de 1975 orixinaron unha vaga de protestas internacionais. Os franquistas encheron a Praza de Oriente de Madrid o 1 de outubro dese ano para apoiar a Franco.



▼  
Derradeira aparición pública de Franco no Palacio de Oriente (1 de outubro de 1975) con motivo dun acto de desagravio pola condena internacional das execucións do mes de setembro.



## 9.3.- O conflito do Sáhara

- O **proceso de descolonización** africano sorprendera a España sen ter ningunha previsión
- En 1956, Francia pactou co rei de Marrocos a independencia da zona francesa sen apenas informar ao goberno español
  - Que se viu forzado a proceder da mesma forma co protectorado español
- Tras un breve conflito en 1957
  - España cedeulle o territorio de **Ifni** a Marrocos en 1969
  - Logo de lle ter concedido a independencia a **Guinea Ecuatorial** en 1968
- Para proceder á descolonización do territorio do **Sáhara**
  - O goberno español aceptara celebrar un referendo de autodeterminación dese territorio
  - Por proposta da ONU e da **Fronte Polisaria**, unha formación independentista saharauí
- En 1975, aproveitando a grave enfermidade de Franco
  - Marrocos esixiu a entrega dese territorio, rico en fosfatos e pesca
  - O rei Hassan organizou a **Marcha Verde**, unha invasión pacífica do Sáhara, que mobilizou decenas de milleiros de civís
- Ante o perigo dun conflito bélico con Marrocos e con Franco agonizando
  - O goberno Arrias claudicou
  - O 14 de novembro asinouse o **Acordo de Madrid**, que supoñía a entrega dese territorio a Marrocos e a Mauritania



# DEREITO Á AUTODETERMINACIÓN

- **1. O Sáhara Occidental (...):** Era no momento da colonización por España unha terra de ninguén? Se a resposta é negativa, cales eran os lazos xurídicos deste territorio co reino de Marrocos e o conxunto mauritano?
- **Ditame da Corte (Tribunal de Xustiza da Haia):**
- **1.** Respecto da primeira pregunta, a Corte responde de forma negativa, rotundamente.
- **2.** A Corte recoñece a existencia duns lazos xurídicos restrinxidos, (...) pero que non teñen un carácter de soberanía territorial e non poden modificar a aplicación da resolución 1515 da Asemblea Xeral da ONU respecto do principio de autodeterminación das poboacións do territorio.
- ***Resposta do Tribunal da Haia á ONU, 1975.***

ESPAÑA PIDE LA REUNION URGENTE DEL CONSEJO DE SEGURIDAD

## ES POSIBLE UNA INMINENTE INVASION MARROQUI DEL SAHARA

España ha comunicado a la ONU que, en caso de que tal acción sea consumada, disfrazada con el nombre de "marcha verde", ejercerá sus responsabilidades ● Plena disposición y preparación del Ejército español para actuar

Argelia considerará también el cruce de la frontera como un "casus belli" ● Concentración de tropas marroquíes en la zona de Tarfaya hasta la frontera de Tah ● Unidades militares camufladas con vestimenta de paisanos



FRANCO: SITUACION ESTACIONARIA

## VUELVE A APARECER EL SINDROME HEMORRAGICO DIGESTIVO

No hay modificaciones cardiorrespiratorias significativas

El cuadro peritoneal inflamatorio no ha progresado ● Ayer oyó misa y recibió la comunión ● Según el último parte hecho público, Franco descomedia normalmente

MADRID. — "La situación del Comandante se mantiene estacionaria, con las mejorías naturales

Una familia española

que implica la gravedad del proceso", según el parte médico que, firmado por el equipo médico habitual, fue hecho público a mediados de ayer.

El comunicado que resume la evolución de la enfermedad de Franco añade: "No ha habido ni edificaciones cardiorrespiratorias

A las once minutos de la mañana de ayer del Comandante y Millar se dieron públicas un comunicado, el cual que, según informaron los medios de comunicación, el Jefe del Estado ha sido pasado la noche descomediado normalmente.

Según los partes médicos sobre su situación a las once y veinte de la

Titulares da prensa en 1975, que reflejten a tensa situación no Sáhara e a agonía de Franco.

O Sáhara  
Occidental.



## 9.4.- A morte de Franco: a fin da ditadura

- **O 20 de novembro de 1975 finou o xeneral Franco,** nun contexto de
  - Condena internacional da represión franquista: retirada de embaixadores europeos
  - Agudización das tensións no propio réxime
  - Crise provocada polo Sáhara
- Deixaba tras de si un réxime anacrónico e en evidente crise
- Malia a pretensión de que o futuro de España estaba **“atado e ben atado”**
  - Cada vez era máis evidente a imposibilidade dun franquismo sen Franco

Respecto da sucesión da Xefatura do Estado, sobre a que tantas especulacións fan os que dúbidan da continuidade do noso Movemento, todo quedou "atado e ben atado" coa miña proposta e aprobación nas Cortes da designación como sucesor a título de rei do príncipe Xoán Carlos de Borbón (...).

Os nosos descendentes comprobaran que a Monarquía foi instaurada en virtude de dúas votacións populares no prazo de vinte anos (...). Ben podemos dicir que a Monarquía conta cun apoio popular absoluto e desde logo moi superior ao que tivo Filipe V, en cuxa entronización xogaron moito máis as manobras de potencia estranxeiras.

*Mensaxe de Franco ao pobo español, 1969.*

2. Que significa a frase "atado e ben atado"? En que confiaba Franco para asegurar a continuidade do sistema político franquista?



▼  
Panfleto que animaba a participar na guerrilla.





▼  
Celebración do XV Congreso do PSOE, o segundo no exilio. Tolosa, do 22 ao 26 de maio de 1946.



▼  
 Panfleto italiano de solidarieda-  
 de con Julian Grimau, 1963.

(...) O poder adquisitivo dos traballadores vai minguando de xeito vertixinoso. O nivel do salario actual é considerablemente insuficiente e debemos reivindicar un salario máis de acordo co custo da vida.

Para lograr estas reivindicacións non posuímos os instrumentos propios de defensa que son: un sindicato obreiro sen patróns e o dereito de folga.

Plan reivindicativo cos seguintes puntos: salario mínimo de 200 pesetas (...), liberdade sindical e dereito de folga (...).

*Folla Informativa de Comisións Obreiras, 1965.*

## DOC.5

A Plataforma de Convergencia Democrática comprométese a loitar:

- Polo establecemento e organización dun réxime democrático e pluralista con estrutura federal do Estado.
- Pola inmediata liberación de presos políticos e sindicais, e o retorno dos exiliados.
- Pola liberdade de asociación sindical e o dereito de folga.
- Polas liberdades de expresión, asociación, reunión e manifestación, e demais dereitos recoñecidos nos textos de organismos internacionais.
- Pola supresión dos tribunais especiais e de todos aqueles organismos e medios de carácter represivo incompatibles cunha sociedade democrática.

*Manifesto da Plataforma, 1975.*

## 2. Industrialización, cambio agrario e emigración en Galicia

- Na evolución socioeconómica de Galicia durante o franquismo cómpre diferenzarmos **dúas etapas** principais
  - **Unha primeira etapa de escaseza e autarquía** que abrangue:
    - Unha longa posguerra de 1939 a 1953
    - Os anos de transición de 1953 a 1959
  - **Unha segunda etapa de despegue económico** de 1959 a 1974

# 2.1. O retroceso da posguerra (1)

- Galicia experimenta unha **grave crise económica** durante os primeiros anos da ditadura:

- A **acusada reruralización** do país fai descender as persoas ocupadas nas industrias e nos servizos
  - A porcentaxe dos ocupados na agricultura volve aos valores de finais do século XIX
  - Malia iso:
    - Os niveis de produción agrícola son moi baixos: en 1950 semellantes aos de 1935
    - A produción gandeira mesmo diminúe
- **A poboación medra lentamente**
  - Nun principio a tradicional válvula de escape da emigración fica pechada
  - A produtividade do sector primario indica que a poboación galega debe de pasar fame durante a posguerra
  - Esta penuria aguda alóngase durante os anos 40, especialmente ata 1945
    - O Estado non pode importar o que lle falta aos seus habitantes
    - Detrae unha parte de alimentos e materias primas (como o volframio) para compensar a axuda prestada pola Alemaña nazi

## A GANDARÍA EN GALICIA\* (1933-1955)

Ano	Vacún	Porcino
1933	1 119 659	1 214 320
1948	930 799	493 233
1955	696 957	323 708
Ano	Ovino	Cabrún
1933	741 920	315 386
1948	640 397	247 609
1955	379 396	137 473

\* cabezas de gando

# 2.1. O retroceso da posguerra (2)

- **Posteriormente, e no marco da política autárquica, salienta:**
  - **A expansión da industria madeireira**
    - Expropiación aos veciños de moitos montes comunais para iniciar unha reforestación
    - Producción:
      - Primeiro de táboas de piñeiro en aserradoiros
      - Logo de aglomerados en fábricas
      - Finalmente de pasta de papel a partir dos eucaliptos
  - **A expansión do sector hidroeléctrico**
    - É o buque insignia da política de explotación dos recursos naturais
    - Exporta máis do 70 % da enerxía eléctrica
    - Permite a consolidación ou aparición dos poucos grupos económicos galegos de peso
      - Salienta o **grupo Banco Pastor-FENOSA** da familia Barrié
  - **Iniciativas do sector público**
    - Ben mediante o Instituto Nacional de Industria ou a través doutros organismos do Estado
    - Salientan:
      - No sector naval, a **Empresa Nacional Bazán**, en 1947
      - No sector madeireiro, a **Celulosa de Pontevedra**, en 1956
  - **Poucas industrias autóctonas:**
    - Conserveiras e pequenos e medianos estaleiros que continúan o seu labor
    - Novidades moi escasas:
      - A empresa química **Zeltia** en 1939, vinculada ao grupo Fernández
      - A empresa de transformados do peixe **Pescanova**, en 1960, vinculada ao grupo Fernández
      - A construtora naval **ASTANO**
        - » Promovida polo grupo Pastor en 1944
        - » Absorbida polo sector público en 1971

## POBOACIÓN ACTIVA POR SECTORES\*

Ano	Galicia			España		
	Agricultura e pesca	Industria	Servizos	Agricultura e pesca	Industria	Servizos
1930	65,3	14,7	20	45,5	26,5	28
1940	73,1	10,9	16	50,5	22,2	27,3
1950	71,9	13,6	14,5	47,6	26,5	25,9
1960	67,9	15,9	16,1	38,2	31,8	30
1970	50	23,6	26,4	24,2	38,4	37,4

\* porcentaxes sobre poboación activa total



# 2.2. As transformacións de 1959-1975 (1)

- **A agricultura e mais a gandaría volven ao camiño modernizador** dos anos 20 e 30
  - Rápido aumento das necesidades de abastecemento das zonas de maior desenvolvemento urbano e industrial
  - O réxime favorece a conversión gradual de:
    - A economía rural tradicional baseada no policultivo de autoconsumo
    - Nunha actividade especializada na **produción de carne e leite destinadas ao mercado**
  - Deste xeito o campo galego vai entrando nos circuitos de produción capitalista
    - En posición subordinada
    - Sen alterar o carácter minifundista das explotacións
    - As melloras técnicas sempre a cargo do labrego
      - O parque de tractores pasa de 872 en 1962 a 18.786 en 1972
- A meirande parte das **novas industrias**, sexan públicas ou privadas
  - Producen enerxía ou materias primas: **Petrolíber, Alúmina-Aluminio, térmicas de Meirama e As Pontes...**
  - Crean poucos postos de traballo en proporción ao capital investido
  - Hai dúas excepcións que
    - Xeran cadanseu foco de alta concentración industrial e obreira
    - As grandes industrias de cabeceira complementáanse cun gran número de industrias auxiliares:
      - **Citröen-Hispania en Vigo**
      - **A construción naval, civil e militar, en Ferrol**

As dársenas da factoría da Empresa Nacional Bazán de Ferrol no ano 1962.



# Migraciones interiores na década de 1960



# A emigración por provincias e destinos

- A maior cantidade de emigrantes galegos a Europa son orixinarios da provincia de Ourense, con volumes que nalgúns anos da década pasada superaron por si sós o total das restantes provincias galegas. En segundo lugar atópase a provincia da Coruña.
- Este ciclo migratorio, pola súa magnitude e intensidade converteuse nun auténtico torrente que baleira o país de mozos, pois a idade en que saen os emigrantes volveu descender (...).
- Os tres destinos de maior importancia son: Alemaña, Suíza e Francia, que nos primeiros anos da década pasada chegaron a absorber algo máis do 90 % do total de emigrantes galegos continentais. Tanto no caso alemán coma no francés, as provincias de Ourense e Pontevedra presentan as maiores achegas, mentres que cara a Suíza se dirixe maior número de coruñeses que pontevedreses, correspondéndolle o primeiro lugar a Ourense.
- **Ricardo Palmás: *Os galegos*, 1976.**

# 3. A oposición antifranquista en Galicia

- Hai que agardar ata os anos 60 para poder falar de
  - Un movemento de oposición ao franquismo en Galicia
    - Movemento obreiro
    - Movemento estudantil
  - Unha recuperación do movemento nacionalista
    - Partido Socialista Galego
    - Unión do Pobo Galego

# 3.1. Comunismo e movemento obreiro (1)

- **O PCE é a única organización que se mantén na clandestinidade**
  - Moi reducida, vai montando células nas fábricas máis importantes de Galicia
  - Mantén a súa tradición ideolóxica
    - Engádelle a esixencia de recoñecer o dereito de autodeterminación das nacións definidas por criterios etnolingüísticos
    - En 1966 comeza a publicación da revista teórica **Nova Galicia**, na que o tratamento da cuestión nacional ten un lugar central
  - En 1968 o recoñecemento do feito nacional galego ten unha importante tradución organizativa:
    - **Constitúese o Partido Comunista de Galicia**
      - Dirixido por **Santiago Álvarez**
      - Federado ao PCE
    - A edición do seu voceiro en galego **“A voz do pobo”**

# 3.1. Comunismo e movemento obreiro (2)

- En 1967 créanse as **Comisións Obreiras de Galicia**
  - Protagonizan nos anos seguintes os conflitos laborais, cada vez máis frecuentes
  - Nos lugares de maior concentracións obreira: Ferrol, Vigo, A Coruña...
  - Van en aumento a organización dos obreiros e as súas protestas por
    - As súas condicións de vida e de traballo
    - A ausencia de liberdade sindical
  - Culminan en 1972 coa **folga e manifestación do 10 de marzo en Ferrol**
    - Con dous mortos e 20 feridos por disparos da policía
    - Posterior folga xeral que mantén Vigo paralizada durante varias semanas
- En marzo de 1968 teñen lugar os primeiros incidentes serios
  - Entre os estudantes e as autoridades académicas da Universidade de Santiago
  - Deles nace o **Movemento Universitario Galego**

# Os sucesos do día 10 de marzo de 1972 en Ferrol





Monumento que lembra os violentos acontecementos do 10 de marzo de 1972 en Ferrol.

# 3.2. Nacionalismo galego (1)

- Nos anos 60 os mesmos factores que reavivan a oposición en España actúan para provocar o **renacemento do nacionalismo galego**
  - Nos anos 50 os galeguistas abandonaran a vía política
- En 1963 **nace o Partido Socialista Galego**
  - Forza de orientación socialdemócrata e federalista
  - Promovido por **Ramón Piñeiro**, intelectual que fora do Partido Galeguista
  - Ten moi poucos afiliados
    - Dende exmembros do Partido Galeguista, como **Francisco Fernández del Riego**
    - Maioría de mozos, entre os que salienta o seu futuro líder **Xosé Manuel Beiras**
  - Este partido
    - Quere apartarse de calquera acción subversiva que poida atraer a represión do réxime
    - Limitase a promover accións que dentro da legalidade sirvan para difundir o seu ideario
    - Crea asociacións culturais, entre as que salientan
      - O Galo en Santiago en 1961
      - O Facho na Coruña en 1963
      - A Asociación Cultural de Vigo en 1965
  - Nos primeiros anos 70 prodúcese un cambio de liña no partido
    - Provocado pola radicalización ideolóxica dos mozos, encabezados por Xosé Manuel Beiras
    - Non afecta ao seu federalismo
    - Introduce no programa propostas anticapitalistas
    - Dá lugar a unha actividade política máis decidida na loita contra a ditadura

# Programa do Partido Socialista Galego

- O PSG define a súa concepción de Galicia nos seguintes puntos:
  1. Galicia é unha nación, ou sexa, un país dotado dunha personalidade propia nas ordes territorial, antropolóxica, socioeconómica e cultural; unha comunidade definida historicamente por un territorio, unha estrutura económica, un idioma e unha cultura propios e singulares.
  2. A sociedade galega é unha sociedade subdesenvolvida, é dicir, que padece atraso económico, que carece de desenvolvemento autónomo e que está supeditada aos procesos de crecemento que se operan nos centros do sistema capitalista, radicados fóra do seu territorio.
  3. Galicia é un país sometido a relacións colonialistas nos planos económico, cultural e político. O instrumento primordial do asoballamento colonialista de Galicia, que dura xa cinco séculos, é o Estado centralista español. (...)
- **Declaración de principios do Partido Socialista Galego, 1974**

## 3.2. Nacionalismo galego (2)

- En novembro de 1963 **créase a Unión do Pobo Galego (UPG)**
  - Fundada por un pequeno grupo de mozos nacionalistas residentes en Madrid
  - É concibida inicialmente como unha fronte patriótica
  - Súmase en 1965 á resistencia veciñal contra a construción do encoro de Castrelo de Miño
  - En 1966 transfórmase en partido que asume como ideoloxía un marxismo-leninismo que conxuga
    - A revolución socioeconómica
    - O obxectivo da autodeterminación
  - Procura implantarse tanto entre o campesiñado como entre os obreiros
    - En 1971 crea os **Comités de Axuda á Loita Labrega**, precedente das actuais Comisións Labregas
    - En 1973 constitúe o seu **Frente Obreiro**, xerme da actual CIGA
    - En 1973 pon en marcha o seu brazo político na Universidade: **Estudiantes Revolucionarios Galegos (ERGA)**
- Nos primeiros anos 70 o nacionalismo galego
  - Conta con dúas organizacións de esquerda marxista
  - Suficientemente activas para que as reivindicacións estritamente nacionalistas sexan tidas en conta pola oposición
  - Fáltalle unha forza de centro democrático
    - Negativa do grupo Galaxia a refundar o Partido Galeguista
    - Tería que sintonizar coas aspiracións políticas maioritarias
    - Achegaría ademais o activo de lexitimidade histórica
  - As consecuencias desta eiva poñeranse de manifesto nalgunhas peculiaridades da transición en Galicia

# O programa de Unión do Pobo Galego

1. Galicia é unha nación, e como tal ten dereito á autodeterminación.
  2. O pobo galego exercerá o poder en Galicia.
  3. Os medios de produción, distribución e crédito pertencen ao pobo.
  4. A colectivización do agro comezará cunha etapa cooperativa como fase previa a formas máis desenvolvidas de socialización.
  5. A pequena empresa e a industria artesá serán concentradas en unidades produtivas superiores.
  6. A grande empresa capitalista será socializada de inmediato.
  7. A organización administrativa do campo galego terá por núcleos as agrupacións tipo parroquia que se integrarán na comarca. O territorio urbano será administrado por consellos compostos por distritos.
  8. A educación estará ao servizo do pobo.
  9. O idioma oficial de Galicia será o galego, de ensinanza obrigatoria.
  10. A liberación nacional de Galicia non descarta a vinculación de Galicia cos demais pobos da Península.
- **Principios básicos da Unión do Pobo Galego, Santiago, 1964**